



## CIRCULAR 2/2018-19

### Emisión de licenzas para a tempada 2018/19

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018

A solicitude de licenzas para a tempada 2018/19 realizarase segundo o establecido na Circular informativa publicada pola RFETA na súa web en relación á plataforma Playoff.

Só se admitirán solicitudes de licenzas a través da dirección da plataforma

**<https://arcogalicia.playoffinformatica.com>** (e asinando dixitalmente ou ben en papel e escaneados os anexos que correspondan). O período hábil para a solicitude de licenzas para a tempada 2018/19 iníciase á publicación desta circular e finalizará o 30 de setembro de 2019.

O acceso a este enlace será a través das claves remitidas aos responsables de cada club para a tramitación das súas licenzas.

#### **A) LICENZAS DE DEPORTISTAS: ARQUEIROS, TÉCNICOS E XUÍCES**

##### A.1. Solicitude de licenzas:

- Todos os deportistas que soliciten licenza nova o renovación para a tempada 2018/19 deberán remitir:

Se son arqueiros que renovan: O Anexo I (Documento de información e compromiso para arqueiros) e o Anexo IV (Licenza federativa arqueiro renovación).

Se son arqueiros que son novos: O Anexo I (Documento de información e compromiso para arqueiros) e o Anexo IV (Licenza federativa novo arqueiro).

Se son técnicos e xuíces o Anexo II (Documento de información e compromiso para técnicos e xuíces) e o Anexo IV (Licenza federativa técnicos ou xuíces).

Os técnicos ademais aportarán o certificado de non inclusión no rexistro de delincuencia sexual, en base á Lei 26/2015, do 28 de xullo, de Protección á Infancia e á Adolescencia.

Na web do Ministerio de Justicia pódese solicitar o certificado e ver a maneira de realizar os trámites: <http://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/inicio>

Todos estes documentos pódense asinar en dixital. Se se imprimen e se asinan en papel, logo se escaneará en formato pdf.



O Anexo IV deberá vir asinado polo presidente/secretario do club e polo monitor que certifique a cualificación do arqueiro. Se pode asinar en dixital. Se se imprimen e se asinan en papel, logo se escaneará en formato pdf.

- No caso dos/as menores de idade deberán cubrir e remitir o Anexo I e o Anexo IV, que deberán estar asinados polo/a representante legal.
- Para a tramitación da licenza nova é obrigatorio enviar escaneado o DNI do solicitante, nome, apelidos, sexo e data de nacemento.

#### A.3. Titulación Técnicos e Xuíces:

- Todos os técnicos e xuíces que desexen que a súa titulación federativa figure na licenza deberán remitir escaneado certificado ou título, ou copia da licenza na que figure dita titulación.

#### A.4. Técnicos en instalacións:

- Todos os técnicos en instalacións que desexen que a súa titulación federativa figure na licenza deberán remitir escaneado certificado ou título, ou copia da licenza na que figure dita titulación.

### **B) LICENZAS DE CLUBS**

O club tramitará a súa licenza a través da plataforma de playoff **<https://arcogalicia.playoffinformatica.com>** completando todos os datos que se lle requiran.

Deberán enviar o Anexo III (Protección de datos) e o Anexo de compromiso coa plataforma Playoff asinado dixitalmente ou imprimilo e asinalo en papel e escanearlo en formato pdf.

### **C) TRAMITACIÓN**

O ingreso do importe das licenzas o realizará cada club na conta que a Fgta ten aberta a tal efecto en ABANCA código **IBAN ES78 2080 5368 76 30 4000 7146**.

### **D) ENVÍO DE DOCUMENTACIÓN**

A documentación orixinal, en caso das licenzas novas, deberá ser remitida polo/a responsable nomeado/a por cada club nos próximos tres (3) meses á Federación ao apdo. de correos que publicaremos na web e remitiremos por email.



A ocultación, falsedade ou omisión de datos, será responsabilidade do club. A infracción destes datos dará lugar ao traslado ao Comité de Disciplina aos efectos da formalización do correspondente expediente disciplinario se procede.



## PREZOS DAS LICENZAS DA TEMPADA 2018/19

LICENZA	PREZOS LICENZAS 2019
ARQUEIRO	29,00€
ARQUEIRO MENOR DE 14 ANOS	15,00€
TÉCNICO	40,00€
XUÍZ	40,00 €

### LICENZAS COMBINADAS

2 OU 3 LICENZAS

5 EUROS MENOS DE DESCONTO  
SE SON DÚAS OU TRES LICENZAS  
COMBINADAS

CLUB	110,00 €
CLUB NOVO	125,00 €